

IV Premio Editorial de Fotografía Documental Galega

Tras o éxito das tres primeiras edicións, dende a Asociación Recreativo Cultural Acolá abrimos unha nova convocatoria do noso *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*, nesta ocasión, gracias ao **apoio da Fundación MOP**.

Por cuarto ano consecutivo, queremos apoiar e promocionar o traballo de fotógrafos nados, residentes ou con traballos centrados en Galicia, aportando as ferramentas que lles permitan publicar a súa obra en formato libro.

Coincidindo coa oitava edición de FFoco. Festival de Fotografía da Coruña, que celebramos na Fundación Luis Seoane durante os meses de novembro e decembro de 2024, presentamos a cuarta edición desta convocatoria que busca **potenciar a creación e produción de novos fotolibros e fomentar as interrelacións entre fotógrafos e profesionais vinculados á edición**.

A gañadora da primeira edición, Ana Paes, vén de publicar '*Orixe ou cando a marea baixa*' con Fabulario. '*Entre las aguas*', de Ana Núñez Rodríguez, gañadora da segunda edición, está a piques de saír do prelo e o colectivo Cadela Negra, gañador da terceira edición, traballa xa con Alauda Negra na publicación do seu proxecto '*MAN*'.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

1.- Quén pode participar?

Se es fotógrafo/a ou colectivo que está a desenvolver un traballo con vinculación galega (xa sexa temática ou autoral), podes presentar de balde o teu proxecto -como serie de imaxes ou en formato maqueta- á nosa convocatoria aberta.

A temática é libre, pero **buscamos traballos documentais orixinais e inéditos** (é dicir, que non estean publicados previamente en formato libro nin teñan xa comprometidos con terceiros os dereitos de edición).

Por suposto, o autor/a ou colectivo participante ten que ser o titular dos dereitos de imaxe correspondentes. Os autores/as exoneran a Acolá e ao resto de persoas e entidades vinculadas á presente convocatoria de calquera tipo de responsabilidade derivada de posibles reclamacións por terceiros, relativas e non limitadas a dereitos de propiedade intelectual e dereitos de imaxe e/ou reclamacións realizadas polos suxeitos protagonistas das imaxes, xa sexan persoas físicas ou xurídicas. Os participantes serán ademais os únicos responsables legais ante calquera controversia que poida xurdir polo incumprimento da Lei vixente respecto aos dereitos de autor polo uso de imaxes preexistentes.

2.- Cómo participar?

Os interesados deben enviar nun único documento pdf (máximo admitido 20 MB) o seu **ensaio ou maqueta -unha serie de entre 30 e 60 fotografías-**, acompañado dunha breve descrición do traballo (máis ou menos 300 palabras), breve biografía (outras 300 palabras máximo) e datos de contacto á seguinte dirección: documentalgalega@gmail.com.

O prazo de recepción de proxectos estará aberto entre o martes 10 de setembro e o xoves 10 de outubro (ata as 23.59h peninsular) de 2024. A participación supón a íntegra aceptación e cumprimento destas bases, de consulta pública na web do festival FFoco www.ffocofestival.gal

Olo: non cómpre presentar maquetas físicas, nin xa pechadas, nin listas para publicar. Ao contrario. A idea é que os participantes reciban asesoramento para que as súas propostas adquiren un novo valor ao adoptar a forma de libro. Un xurado independente composto por representantes de diferentes editoriais de referencia escollerá ata un máximo de 8 proxectos finalistas a participar nun visionado durante a vindeira edición de FFoco e, de entre eles, será escollido un único traballo gañador para a súa publicación, atendendo á súa calidade técnica, orixinalidade temática, posibilidades narrativas e viabilidade editorial.

3.- Qué obtén o autor/a gañador?

Gañar o *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega* supón a publicación do proxecto cunha editorial galega de referencia (nesta cuarta edición é o selo Dispara).

Acolá asume todos os gastos derivados da edición e selección de imaxes, maquetación, fotomecánica (preparación para imprenta), selección de papeis e outros procesos de preproducción do libro, así como a produción, impresión e distribución final do mesmo, sen que ningunha parte do proceso supoña custo algún para o autor/a gañador/a.

- En total publicaremos **300 exemplares**, dos que o gañador/a percibirá 30 unidades (non comercializables, que podrá empregar para difundir e comunicar o seu traballo).
- Ademais, o gañador/a percibirá por parte de Acolá un total de 600 euros en concepto de dereitos de autoría.

Pola súa banda, o gañador/a comprométese a facilitar á organización as imaxes do proxecto en alta calidade (recomendable formato TIFF, ancho mínimo de 30 cms e 300 dpi), así como a ceder -mediante a pertinente sinatura de contrato editorial- os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública das devanditas imaxes, co único fin de posibilitar a produción, promoción e distribución do libro. Polo demais, os dereitos patrimoniais e morais dos proxectos presentados pertencerán en todo momento a cada autor/a ou colectivo participante.

4.- Quén organiza o Premio Editorial de Fotografía Documental Galega?

O *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega* é unha iniciativa impulsada pola Asociación Recreativo Cultural Acolá, entidade sen ánimo de lucro debidamente inscrita no rexistro da Xunta de Galicia e que organiza actividades para por en valor o traballo de fotógrafas e fotógrafos profesionais, fortalecer o tecido artístico local e dinamizar a vida cultural coruñesa. Ademais deste Premio Editorial, Acolá é impulsora de FFoco, o único festival de fotografía que se celebra en Galicia.

Por outra banda, a organización deste Premio Editorial é posible gracias ao apoio da Fundación Marta Ortega Pérez (Fundación MOP), que dende a súa creación en 2022 centra a súa actividade ao redor da celebración de exposicións de primeiro nivel e está estruturada sobre tres eixos: A Coruña, a fotografía e a moda.

5.- Cómo protexemos os teus datos?

En conformidade coa normativa aplicable en materia de tratamento e protección de datos persoais, e especialmente co Regulamento da UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos devanditos datos, infórmase aos participantes na presente convocatoria aberta, de maneira expresa, inequívoca e precisa que os datos recollidos a través do mail documentalgalega@gmail.com son necesarios para posibilitar a súa participación na convocatoria do *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*, de acordo co seguinte:

Responsable do tratamento dos seus datos: Asociación Recreativo Cultural Acolá, organizadora do *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*.

Finalidade principal do tratamento dos seus datos: Posibilitar a súa participación na convocatoria do *Premio Editorial de Fotografía Documental Galega*.

Lexitimación para o tratamento dos seus datos: A base legal para o tratamento dos seus datos é o seu consentimento.

Destinatarios: Asociación Recreativo Cultural Acolá, como entidade organizadora da presente convocatoria.

Dereitos: Acceder, retificar e suprimir os datos, así como outros dereitos de cancelación e oposición poden levarse a cabo conforme á normativa vixente, dirixindo un escrito á Asociación Recreativo Cultural Acolá a través do mail documentalgalega@gmail.com.